

ACTA 2017-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA E URXENTE
28 de Abril de 2017

Lugar

SALON DE SESIONS DO CONCELLO DE VERIN

Hora de Inicio

21:05

Hora de Finalización

21:25

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ

Secretario: SANTIAGO LORENZO TABOADA

MEMBROS ASISTENTES

DIEGO LORENZO MOURA
ELIGIO GIL SANMAMED
GERARDO SEOANE FIDALGO
JOSE RAMON BARREAL NOVO
MANUEL CARDOSO PEREZ
M^a DEL MAR VALLE ALVAREZ
PLACIDO PARDO GARCIA
SERGIO PRADA DIZ
VICTOR SAINZA SAINZA
VILLARINO PARDO ANA MARIA

MEMBROS AUSENTES

LUCIANO RIVERO CUQUEJO
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
VICENTE GOMEZ GARCIA

Pola presidencia declárase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma adóptanse os seguintes:

ACORDOS:

1.- PRONUNCIAMENTO DA ASAMBLEA SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Presidente procede a xustificar brevemente a urxencia do tratamento do asunto comprendido na orde do día; e faino alegando as seguintes razóns:

A necesidade de que as administracións competentes coñezan a situación producida para que artellen as medidas paliativas que procedan con total urxencia.

A Asamblea, por unanimidade dos seus once membros presentes dos catorce que legalmente a forman; o que supera a maioría simple dos representantes presentes na

sesión, aprecia a urxencia na convocatoria da sesión; polo que se cumpre o que se establece no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A continuación pasa a tratarse o asunto obxecto da orde do día.

2.- SOLICITUDE DE DECLARACION DE ZONA CATASTROFICA DA COMARCA POLOS DANOS OCASIONADOS POLA XEADA.

O Sr. Presidente procede a dar lectura á proposta de acordo; tralo que ao ter en conta que:

A produción agrícola da comarca de Monterrei está asentada sobre dous pilares: dunha banda o cultivo da vide, cunha denominación de orixe punteira e en constante expansión; e doutra, na produción hortícola.

A fortísima xeada que caeu na madrugada do mércores ao xoves en toda a nosa comarca, e que se volveu a repetir na madrugada de hoxe, ocasionou danos gravísimos e sen precedentes en décadas tanto nas plantacións de viñedos como nas hortas, con perdas estimadas moi próximas ao cen por cen en moitos casos.

Semellante fenómeno meteorolóxico en combinación coa inusual seca que se prolongou durante os últimos meses, fan vaticinar unha perda case que total da colleita de uva do ano 2017, e unha merma na produción vitivinícola que se arrastrará ata a campaña de 2018. Ademáis de gravísimos danos nas plantacións hortícolas de toda a zona.

Polo tanto, ante a constatación de que os danos producidos van a ser enormemente cuantiosos e ao resultar esta situación tan imprevisible como inevitable, consideramos que a Xunta de Galicia debe habilitar unha batería de axudas para facer fronte a ditos danos e adoptar as medidas necesarias co obxecto de paliar dita situación, establecendo liñas de axuda para os afectados

A Asamblea sen debate e por unanimidade dos seus once membros presentes dos catorce que legalmente a forman, **ACORDA:**

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica da Comarca de Verín.

Segundo. Solicitar á Xunta de Galicia unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados en viñedos e hortas

Terceira. Trasladar dito acordo a Consellería de Medio Rural, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei e a todos os concellos afectados.

E ó non haber máis asuntos que tratar, na data e hora que constan ó principio, levántase a sesión da que se estende esta acta que recolle o que se tratou e acordou, e que, o/a presidente/a asina comigo, o/a secretario/a, que dou fe.

O/A presidente/a

O/A secretario/a

DILIXENCIA: Para facer constar que a precedente acta queda transcrita en papel timbrado da Comunidade Autónoma, ós folios do número _____ ó _____.

En ____ a ____ de _____ de 2.01__
O SECRETARIO,